



BOLETÍN SINDICAL

Nº 10 - Outubro 2008

**A CIG di NON á
Directiva das
65 horas**

**A crise
económica,
razóns e
alternativas**


**Por un novo modelo
económico e social**

**a crise que a
pague o capital!!**



Convocadas asembleas e concentracións
en todas as cidades de Galiza, o 7 de outubro

A CIG di NON á Directiva das **65 horas**



A CIG vén de convocar concentracións simultáneas en todas as comarcas de Galiza para o día 7 de outubro, para denunciar a grave perda de dereitos que suporá para a clase traballadora a ratificación, por parte do Parlamento Europeo, das modificacións introducidas na Directiva de Tempo de Traballo. Unhas modificacións que contemplan, entre outros aspectos, a xeneralización da posibilidade de ampliar a duración máxima da xornada laboral até as 65 horas semanais ou a relaxación na obriga empresarial de compensar con descansos o traballo realizado a maiores.

A coñecida como “Directiva das 65 horas”, aprobada polo Consello de Ministros de Emprego da Unión Europea o pasado mes de xullo, pretende modificar algúns aspectos da Directiva 2003/88/CE, do 4 de novembro, que é a norma europea de base, actualmente vixente, que establece as disposicións mínimas xerais canto á ordenación do tempo de traballo.

Redefine o concepto de “tempo de traballo»

Introduccense dúas categorías novas para conseguir unha definición unitaria do tempo de traballo e aumentar a dispoñibilidade da forza de traballo en interese do capital.

Tempo de atención continuada, definido como o período durante o que a persoa traballadora ten a obriga de estar dispoñíbel no lugar de traballo a fin de intervir, a petición do empresario, para exercer a

súa actividade ou as súas funcións.

Período inactivo do tempo de atención continuada, definido como todo período que a persoa está dispoñíbel pero que non é requirida pola empresa para exercer a súa actividade ou as súas funcións.

O período inactivo non se considerará tempo de traballo a menos que a lexislación estatal, ou un convenio colectivo ou un acordo entre interlocutores sociais, dispoñan outra cousa. Este período “inactivo” non se terá en conta para calcular os períodos de descansos diario e semanal, agás que se dispoña o contrario e poderá computarse sobre a base dunha media do número de horas ou dunha proporción do tempo de atención continuada.

Consagra e xeneraliza a cláusula opt-out

O que no seu día se admitiu como unha excepción en interese do Reino Unido, pretendidamente con prazo de caducidade, agora se intenta lexitimar estable-

cendo algunhas supostas garantías adicionais. Así, os supostos de renuncia á duración máxima do tempo de traballo semanal de 48 horas mantéñense nos termos actuais e engádense outros requisitos:

A non aplicación do límite das corenta e oito horas semanais, incluídas as horas extras, poderá ser autorizada polos Estados membros sempre que o exercicio desta facultade estea expresamente previsto no convenio colectivo ou acordos entre interlocutores sociais do nivel adecuado (a proposta da Comisión do ano 2004 dicía no nivel estatal ou rexional), ou ben na lexislación de cada Estado, previa consulta cos interlocutores sociais no nivel adecuado. A regulación convencional non exclúe o consentimento individual do traballador ou traballadora, que deberá prestarse por escrito. Cando non exista un convenio vixente, nin exista na empresa en cuestión unha representación do persoal facultada para subscribir un convenio ou acordo, o exercicio da renuncia poderá ser acordada entre o empresario e a



traballadora ou o traballador.

Os Estados membros deberán garantir que ningún empresario esixa a unha persoa que traballe máis de 48 horas de promedio, no período de referencia considerado, se non obtivo desta o consentimento por escrito, sen que poida sufrir prexuízo ningún por negarse a asinar o dito consentimento ou por ter desistido do mesmo.

O consentimento escrito deberá ser posterior ao asinamento do contrato individual de traballo e será nulo aquel que se asine durante as catro primeiras semanas da relación laboral. Tamén debe ser posterior á

finalización do período de proba. Terá unha duración máxima dun ano, renovábel.

Regúlase o desistimento da traballadora ou traballador asinante, que terá dereito a retractarse durante os seis primeiros meses posteriores ao asinamento do acordo válido ou durante o período de proba especificado no seu contrato e até tres meses despois do final do dito período, aténdose ao que sexa máis longo dos ditos prazos. O desistimento terá efectos inmediatos informando por escrito ao seu empresario coa debida antelación de que ten intención de desistir. Con posterioridade, o empresario poderá

esixirille que notifique por escrito cun prazo de preaviso, que non deberá ser superior a dous meses.

Cando a persoa traballadora renuncia á xornada máxima de 48 horas, establécese agora unha nova xornada máxima, de 60 horas con carácter xeral e de 65 horas semanais nalgúns casos. Concretamente, establécese que ningunha persoa que dera o seu consentimento pode traballar máis de 60 horas semanais, calculadas como promedio durante un período de 3 meses, a menos que se dispuxese outra cousa nun convenio colectivo ou acordo cos inter-

Houbo nove xuntanzas desde 2004 e en todas até o de agora se rexeitaron as propostas

Os gobernos de dereitas de Francia e Italia posibilitaron a maioría suficiente para aceptar as modificacións na Directiva

O Reino Unido conseguiu xa, na directiva orixinal de 1993, a coñecida cláusula “opt-out”, pola que se autorizaba os Estados membros a derogaren a duración máxima cando os traballadores ou traballadoras expresasen o seu desexo de traballar máis horas. Esta cláusula introduciuse de xeito temporal, durante 10 anos, a partir dos que debería revisarse, avaliando a súa utilización.

Transcorrido ese tempo, o Parlamento europeo conta con evidencias sobre o uso masivo desta práctica no Reino Unido, onde cinco millóns de persoas asalariadas traballan máis de 48 horas semanais durante todo o ano. Xunto a isto, e coa entrada na UE de certos países do Leste europeo, propuxéronse reformas importantes para flexibilizar e alongar aínda máis a xornada laboral.

Desde o 2004 as propostas de modificación da Comisión foron rexeitadas polo Consello porque os estados francés, español, chipriota e grego conseguiron unha minoría de bloqueo, defendendo ademais a derogación das excepcións. Pero ao sexto intento, despois de nove reunións dende o 2004, os cambios políticos en Francia e Italia e os intereses políticos dos novos países da ampliación, con xornadas máis extensas e irregulares, posibilitaron que os Ministros de Emprego da UE aprobasen por maioría a nova Directiva de ordenación do tempo de traballo o día 10 de xuño de 2008, maioría encabezada polo Reino

Unido, e representada pola Ministra de Traballo de Eslovenia, presidenta nesa altura do Consello. Tamén é verdade que varios dos países impulsores da reforma, non só o Reino Unido, Polonia ou Eslovenia, senón tamén, por exemplo, Alemaña, estaban incumprindo flagrantemente a directiva vixente, particularmente en sectores como o transporte e a sanidade.

As representacións de Bélxica, España, Chipre, Grecia e Hungría manifestáronse en contra da proposta e solicitaron do Parlamento europeo o seu rexeitamento; porén, o ministro Corbacho abstívose na votación. Presentaron tamén reservas particulares Portugal e Malta, polo que foi determinante a posición cambiante de Francia e Italia, con gobernos dereitistas. Como as directivas están suxeitas ao procedemento de codecisión,

o texto ten que ser aprobado ou rexeitado polo Parlamento Europeo, o que seguramente fará antes de decembro deste ano. Esta institución coñece xa o texto, que foi considerado no que se chama primeira lectura no ano 2005, onde os europarlamentarios aprobaron un informe que reclamaba, entre outras cuestións, a supresión das excepcións á xornada laboral de 48 horas semanais nun prazo de tres anos ou que os tempos de garda fosen considerados –como até o de agora- tempo de traballo aínda que, por convenio colectivo, poidan computarse especificamente para efectos dos límites da xornada máxima. Pero agora, deben de considerala en segunda lectura e non está nada claro o que pode pasar dada a correlación de forzas actual, que permitiu que se

Advertencia da OIT

Ademais dos informes de avaliación con que contan as institucións europeas, a OIT presentou un informe hai catro anos nos que advirte sobre o incremento do número de persoas que traballa máis de 40 horas semanais. Asegúrase o que é ben coñecido desde o mundo do traballo, isto é, que se está a dar un fenómeno de diversificación, descentralización e individualización da xornada laboral que supón unha prolongación desmesurada e ilegal da xornada de traballo coas coñecidas consecuencias directas na saúde e seguridade das persoas traballadoras. Na actualidade, malia o desenvolvemento científico e tecnolóxico, trabállase máis e durante máis tempo e mesmo a precarización do emprego e a mingua dos salarios reais obriga a moitas persoas a recorrer ao pluriemprego para poderen chegar a fin de mes e facer fronte ao endebedamento contraído. O informe da axencia especializada da ONU pronúnciase pola necesidade dun emprego digno e a prol dunha análise ética, xa que o problema non se pode resolver pola acción libre do mercado nin desde perspectivas economicistas.

aprobase unha gravísima agresión contra os dereitos humanos dos inmigrantes ilegais, na coñecida como “Directiva de retorno”, mesmo co visto e prace de moitos socialistas europeos e nomeadamente dos españois.

locutores sociais. Pero cando non exista convenio colectivo e ademais o período inactivo do tempo de atención continuada se considere xornada laboral, entón o límite máximo semanal será de 65 horas, computadas como promedio durante un período de tres meses.

1 ano para calcular a media de traballo semanal

Xeneraliza -cando antes era excepcional- o período de referencia de 1 ano para calcular a media de tempo de traballo semanal, aínda que se mantéña o de catro meses.. Este alongamento do período de referencia para o cómputo da xornada semanal de 48 horas, poderá facerse ben mediante convenios colectivos ou acordos entre interlocutores sociais, ou ben directamente o Estado mediante lei ou regulamento, iso si, previa consulta aos interlocutores sociais ao nivel adecuado. Este período máximo de referencia de 1 ano, pasará a ser de seis meses cando os Estados membros decidan facer uso do opting-out, ou sexa, cando promovan e acepten a renuncia ou “exclusión voluntaria”.

Relaxa a obriga empresarial de compensar con descansos equivalentes o traballo realizado a maiores da xornada máxima. Na proposta da Comisión do ano 2004, estableceíase que os descansos compensatorios deberían producirse nun prazo de 72 horas, mentres que agora o texto aprobado di que cando se establezan excepcións ás disposicións aplicábeis ao descanso diario, ás pausas, aos períodos de descanso semanal, á duración máxima do traballo nocturno e aos períodos de referencia, “concederáse aos traballadores de que se trate períodos equivalentes de descanso compensatorio

nun prazo razoábel, que se determinará de conformidade coa lexislación nacional ou no convenio colectivo ou nun acordo entre os interlocutores sociais”.

Conciliación da vida laboral e familiar.

Como expresión do máis depurado cinismo, a Directiva incorpora un mandato para os Estados membros, que pretendidamente vai favorecer a conciliación da vida profesional e familiar, do seguinte teor:

Os Estados deberán:

- Animar os interlocutores sociais nos niveis adecuados a que celebren acordos destinados a mellorar a conciliación entre a vida profesional e familiar.
- Garantir que os empresarios informen o persoal ao seu servizo, coa debida antelación, de calquera cambio substancial na organización do seu tempo de traballo.
- De conformidade coas prácticas nacionais, animar así mesmo os empresarios a consideraren as solicitudes de cambios no horario e ritmo de traballo, con supevitación ás necesidades empresariais e ás necesidades de flexibilidade tanto dos empresarios como das persoas traballadoras.

A alternativa: a mobilización

Esta modificación da Directiva 2003/88/CE faise para consolidar a cláusula opt-out, alongar os períodos de referencia para o cálculo promedio da xornada semanal, cambiar a definición de tempo de traballo para que o período de garda ou retén, onde non se realice traballo efectivo, non sexa computado a efectos do límite máximo da xornada e para establecer un “prazo razoábel” no caso dos descansos compensatorios do exceso de xornada.

O mantemento da cláusula de opting-out permite modificar a peor o límite da xornada, con base no consentimento “libre” da persoa afectada. A acción sindical, a colectivización de dereitos e o conflito de clases son elementos fundamentais das relacións laborais, que, porén, non se están a considerar nesta directiva. O desprezo polo sindicalismo e pola negociación colectiva é evidente, xa que se lles ofrece o papel non de mellorar as condicións actuais senón de empeoralas, facilitando os acordos individuais para o alongamento da xornada de traballo.

Estamos ante un caso máis, especialmente simbólico, do modelo de construción dunha Europa baseada exclusivamente nos intereses económicos, onde as liberdades do capi-



Traballo e xornada de traballo



O traballo, até a Revolución Burguesa, non era propio de “homos libres”, senón das persoas escravas e servas. Co triunfo da burguesía pasa a sacralizarse como ben “libre e igualador”, aínda que logo se demostra que a maioría das persoas, nenas e adultas, vivían para traballar no canto de traballaren para vivir.

Foi Karl Marx (1818-1883) quen nos aprendeu que as persoas asalariadas non venden o seu traballo senón a súa forza de traballo, que é unha das forzas produtivas capaz de xerar un excedente que vai ser apropiado polos que controlan os medios de produción, ou sexa polos capitalistas.

Marx critica a sacralización burguesa do traballo e explica que só na medida en que as persoas se relacionan de bo principio como propietarias da natureza –que é a primeira fonte de todos os medios e dos obxectos do traballo–, só na medida en que a trata como cousa súa, o traballo será fonte de valores de uso, ou sexa, de riqueza.

Na súa obra “O Capital”, define a xornada de traballo como “a suma do traballo necesario e do plustraballo, dos espazos de tempo onde a persoa asalariada produce o valor que repón a súa forza de traballo e a plusvalía” (é dicir, o excedente do que se apropia o capitalista). No mercado o comprador afirma o seu dereito a procurar facer o máis longa posible a xornada de traballo, mentres que a persoa asalariada loita por limitar a súa xornada a unha determinada magnitude normal.

Esa loita por unha xornada racional é un tema transversal na historia do movemento obreiro. No Reino Unido a xornada de 10 horas proclamouse por fin en 1847 e a continuación en Francia, como consecuencia do levantamento revolucionario de 1848.

A reivindicación das 8 horas de traballo concentrou a máis de trescentas mil persoas en Chicago, que foron disoltas a tiros o 1 de maio de 1886 e posteriormente detidos e executados os principais líderes sindicais. En 1917 as oito horas conséguense na Unión Soviética, coa instauración das repúblicas socialistas; en México co triunfo da Revolución zapatista; e tamén en Portugal despois dunha vaga continuada de folgas. No Estado español, en 1919, froito das prolongadas folgas de máis de 40 días de duración encabezadas polo anarcosindicalismo, principalmente nas zonas fabrís de Catalunya, decrétase a xornada máxima legal de 48 horas semanais aínda que quedaban excluídos os traballos agrícolas. Nese ano a Conferencia da OIT, convocada por EEUU en Washington, acorda un convenio de limitación da xornada nas industrias a oito horas diarias e corenta e oito horas semanais. En Francia, as oito horas non se aplicarían até 1936, coa Fronte Popular. En EEUU a xornada de 8 horas estivo vencellada á política de New Deal, cando Roosevelt gaña as eleccións presidenciais en 1932 despois da Grande Depresión, co obxectivo de nivelar as condicións laborais ás dunha Unión Soviética que se consolidaba no imaxinario colectivo como referencia do movemento obreiro mundial.

O certo é que sempre que se conseguiron reducións importantes na xornada laboral foi porque previamente existía un movemento obreiro organizado. A clase obreira loita por unha xornada razoábel e reivindica o tempo libre, a súa autonomía vital, a súa identidade e cultura propia, alén do centro de traballo. Marx xa afirmaba que o traballo asalariado era alienante e que as xornadas de traballo excesivas privaban ás persoas do que facer máis humano.

A visualización do centro de traballo como lugar de explotación e alienación é cada vez máis clara. Coa precariedade do emprego, a segmentación, a cultura da competitividade, a desfeita das relacións e mecanismos de solidariedade no traballo, a mingua da consciencia de clase e a falla de perspectivas emancipatorias, o sufrimento e malestar caracteriza o traballo actual; o estrés, a ansiedade e a depresión son as consecuencias así como o incremento dos accidentes laborais leves, graves e mortais e as enfermidades profesionais, moitas delas non recoñecidas oficialmente.

tal non atopan freo no respecto dos dereitos sociais, senón que estes son desmantelados paulatinamente, implantando o “dumping social”, incrementando as diferenzas entre as clases, entre os estados e nacións e tamén entre as clases traballadoras europeas que están obrigadas a competir entre si. O que se pretende é a igualación social por abaixo, o empeoramento das condicións de vida e de traballo da cidadanía en beneficio do capital e particularmente do capital transnacional europeo.

A unidade e organización das clases traballadoras europeas e a mobilización son as respostas necesarias a este tipo de agresións, reafirmando a presenza social do movemento obreiro e recuperando a iniciativa no eido político. A CIG, como xa fixo tras da modificación da Directiva polo Consello Europeo, no pasado mes de xuño, manifestará a súa repulsa a estas políticas coa convocatoria de asembleas de delegadas e delegados e posteriores concentracións en todo o país.

Concentracións o 7 de outubro

A Mariña. Ás 11:00 horas
no concello de Cervo.

A Coruña. Ás 12:00 horas.
Diante da Subdelegación do Goberno

Ferrol. Ás 12:00 horas.
Xiante do edificio da Xunta de Galiza na Praza de España.

Lugo. Ás 12:30 horas.
Diante da Subdelegación do Goberno.

Ourense. Ás 11:30 horas.
Diante do edificio sindical.


Pontevedra
Ás 12:30 horas diante da Subdelegación do Goberno.

Santiago. Ás 12:30 horas
Na Praza de Galiza.

Vigo. Ás 12:00 horas.
diante do pavillón do Berbés.

A crise económica: razóns e alternativas

Executiva Confederal



A crise económica está obrigando os propios defensores do capitalismo a cuestionar os piares sobre os que se basea o sistema. Non porque comece a percibir as inxustizas que xera senón porque, de súpeto, os seus intereses non están tan seguros como antes. A situación é de tal gravidade que quen defendía o libre mercado a ultranza, como a CEOE, pide agora unha paréntese até que cheguen tempos mellores e no seu berce, os EEUU, os cartos públicos están a salvar da bancarrota aos especuladores privados que se enriqueceron nas últimas décadas a custo, precisamente, da falta de mecanismos de control que regulasen ese mercado que antes sacralizaban. A Executiva Confederal da CIG vén de elaborar este documento no que se tentan explicar as razóns que provocaron a actual situación de crise.

De novo estamos a vivir unha crise económica a nivel mundial que, segundo moitos analistas, é a máis profunda das últimas décadas. Esta crise económica emerxe a nivel mundial a raíz da crise financeira en EEUU provocada pola suba dos xuros e o conseguinte número de impagados en créditos e hipotecas que iso provocou, especialmente nas chamadas hipotecas de alto risco (a xuros moi altos e feitas con persoas insolventes, sen garantías salariais ou patrimoniais suficientes). Estas hipotecas foron convertidas nun produto financeiro máis nos mercados bancarios e interbancarios e postas a circular por todo o mundo, o que provocou que a crise do sistema financeiro en EEUU hoxe estea espallada a escala mundial, sen que se co-

ñeza con exactitude a súa dimensión real. O que comezou como unha crise do sistema financeiro, trasladouse ao sistema produtivo, á economía real, a través da crise inmobiliaria, da crise na construción e en todos os sectores que dependen dela. Hai que agardar pois que esta teña especiais consecuencias tanto no Estado español como en Galiza, dado o elevado peso do sector da construción de vivendas no modelo produtivo polo que optaron nos últimos anos os diferentes gobernos de España e de Galiza.

A perda importante de postos de traballo que se vai dar en todo o mundo, como consecuencia da crise, en Galiza ímola sufrir dobremente pois aos traballadores e traballadoras que perdan o emprego den-

tro do país imos ter que sumarles aqueles outros que colleron o camiño da emigración e que posibelmente retornen ao perderen o seu posto de traballo nos países nos que estean a traballar hoxe.

Esta crise económica xa se está a manifestar en feitos como: o baixo crecemento económico, a suspensión de pagamentos e o peche de numerosas empresas, o incremento do desemprego, a alza dos prezos, a suba das hipotecas, o aumento do número de impagados, etc. Toda esta situación pon de manifesto que as bondades sobre a creación de emprego das medidas adoptadas no Acordo polo Emprego, pactado nas chamadas Mesas para o Diálogo Social en Galiza, non son tales, como xa denunciou a CIG no se momento, senón que a creación de emprego era froito das altas taxas de crecemento económico e non de medidas estruturais que estivesen favorecendo o desenvolvemento do tecido produtivo galego, como no seu momento demandamos desde a CIG.

O sistema económico capitalista neoliberal

Esta crise económica é produto dun sistema económico neoliberal, hexemónico no mundo desde principios da década dos oitenta, que asentou o seu crecemento, non con base na xeración de rendas e ingresos, senón no consumo a crédito, o que provocou un masivo endebedamento

da poboación en xeral, especialmente naqueles países que máis optaron por este modelo. Galiza tampouco quedou á marxe do mesmo, pois, aínda que é certo que tradicionalmente fomos unha economía aforradora, non é menos certo que nos últimos anos deixamos de selo e pasamos a ser unha economía que tamén tirou do consumo con base no crédito e no endebedamento.

O modelo económico neoliberal, como todo modelo capitalista, busca maximizar a taxa de beneficio, no prazo de tempo máis curto posíbel, a custo da sobreexplotación da clase traballadora e de roubarlles o excedente, a súa riqueza, a moitos dos países do chamado terceiro mundo.

Este modelo é o responsábel:

- Do fomento do capital especulativo.
- Da perda do poder adquisitivo dos salarios e do seu peso no PIB.
- Da privatización dos servizos e das empresas públicas.
- Da precarización do emprego.
- Dos recortes no sistema público de protección social.
- Dun sistema fiscal regresivo que lle reduce os impostos ao capital e llos incrementa á clase traballadora, especialmente a través dos impostos indirectos.
- Do fomento de burbullas como a inmobiliaria, a enerxética ou a dos prezos dos cereais, provocando de forma arti-

ficial unha suba abusiva dos prezos da vivenda, dos carburantes e dos alimentos, en beneficio do capital especulativo financeiro.

- Do endebedamento dunha parte moi importante da poboación a través de fomento do consumo a base de crédito.

Estamos a falar pois dun sistema económico inxusto, desde o punto de vista da maioría social, que xera grandes desigualdades sociais, a formación de grandes fortunas e a acumulación da riqueza en poucas mans, mentres condena a millóns de seres humanos a viviren na miseria e a morreren de fame ou de enfermidades hoxe perfectamente curábeis. Trátase pois dun modelo económico que non serve aos intereses da clase traballadora nin da humanidade en xeral.

As nosas alternativas, coa CIG en defensa de Galiza e da clase traballadora

Temos que manter a loita sindical, política e ideolóxica a todos os niveis. Hai que ofrecer alternativas e promover accións, mobilizacións e reivindicacións que fagan posíbel que esta crise do modelo económico hoxe imperante no mundo se salde de forma favorábel á clase traballadora galega e a todas as traballadoras e traballadores do planeta.



Para iso desde a CIG propomos, no ámbito do espazo político no que nos movemos, levar adiante as seguintes medidas:

Negociación colectiva

- Mellora do poder adquisitivo dos salarios.
- Cláusulas de estabilidade na contratación.
- Desenvolvemento de toda a negociación colectiva en Galiza.

Emprego

- Respetto do principio de causalidade na contratación.
- Supresión das subvencións á contratación, excepto en colectivos con dificultades de integración no mercado laboral.
- Mellora do sistema galego de colocación, así como do sistema galego de formación profesional.
- Adecuación dos horarios laborais á conciliación da vida laboral e familiar.

Sociais

- Fomento das vivendas de protección oficial en réxime de alugueiro con opción a compra.
- Implantación do salario social.
- Garantía duns servizos públicos e dun sistema público de protección social en condicións dignas. Oposición a calquera medida privatizadora destes.

- Reforzar a rede pública de servizos sociais, así como as medidas destinadas a combater a pobreza e a exclusión social.

Fiscais

- Persecución da fraude fiscal.
- Imposición dun sistema fiscal progresivo vía:
 - . Incremento da progresividade do IRPF
 - . Mantemento do tipo de gravame do imposto sobre o patrimonio.
 - . Redución ou eliminación dos impostos indirectos sobre os produtos básicos de consumo e incremento sobre aqueles que consumen habitualmente as rendas máis altas.
 - . Incremento dos impostos directos sobre o capital financeiro e o patrimonio das grandes fortunas.
- Subsidiación dos xuros nos créditos hipotecarios, en función da renda.
- Creación dun imposto sobre os movementos de capitais.
- Eliminación dos paraísos fiscais.

Económicas e industriais

- Políticas de apoio ao sistema produtivo galego (agro, pesca, naval, téxtil, conserveiro, rochas ornamentais, enerxético...), así como a novos sectores como son o cultural, medioambiental e sectores avanzados da industria e servizos.
- Parte destas medidas terían que ir orientadas a :
 - Garantir a soberanía alimentar.
 - Pór a produción da enerxía eléctrica ao servizo do desenvolvemento industrial sustentábel de Galiza.
 - O uso racional da auga.
 - Potenciamento de todo o referente á cultura e patrimonio de Galiza xa que, ademais de preservar os nosos sinais de identidade nacional, é unha importante actividade económica e de xeración de emprego.
 - Establecer vínculos máis estreitos entre o sistema financeiro e o sistema produtivo. Promover unha nova Lei de Caixas de Aforro de Galiza que garanta o seu carácter social e a súa maior implicación no apoio ao sistema produtivo galego.
 - Mellora das infraestruturas portuarias e rede interna de estradas e camiños de ferro.
 - Investimento en I+D.
 - Garantía duns prezos mínimos xustos para os produtos agrogandeiros e pesqueiros. Medidas eficaces de control dos

intermediarios, así como fortes sancións sobre as marxes comerciais abusivas.

- Elaboración de programas integrais de desenvolvemento das diferentes comarcas de Galiza.
- Modificación da metodoloxía do cálculo do IPC e na aplicación deste. Maior peso dos alimentos e demais produtos básicos de consumo e inclusión adecuada do prezo da vivenda.
- Lei de ordenación do territorio.

Autogoberno

Neste momento de crise económica é tempo tamén de reflexión para que Galiza, o pobo galego, vexa como pode superar e saír fortalecido desta crise como país. Galiza necesita autogobernarse, ter soberanía política, ten que exixir polo tanto do Goberno Central a transferencia de competencias que lle permitan facer fronte a todas as políticas neoliberais que saen do Parlamento español ou da UE e poder facer políticas económicas, sociais, laborais ou culturais, en función dos intereses das clases populares galegas e do seu benestar social e económico. Necesitamos pois gañar en soberanía política se queremos superar a penosa situación de dependencia que hoxe padecemos e que tan negativa resulta para o noso desenvolvemento e benestar. Temos que dotarnos de mecanismos de defensa fronte ás políticas neoliberais desenhadas en institucións políticas e financeiras supranacionais controladas polo capital transnacional.

Reclamamos pois para Galiza a transferencia de competencias plenas nas seguintes materias :

- Lexislación laboral e social.
- Programación e xestión da formación profesional ocupacional e continua, xunto cos recursos correspondentes.
- Políticas pasivas de emprego.
- Inspección de traballo e seguridade social.
- Xestión do réxime económico da Seguridade Social, incluída a prestación por desemprego.
- Agricultura, gandería, forestal, marisqueo e pesca.
- Portos, aeroportos, camiños de ferro e estradas que transcorran por Galiza.
- Ordenación das actividades económica, industrial e enerxética.
- Recadación do IRPF, IVE e Imposto de Sociedades. Creación dunha Axencia Tributaria propia.



Os sectores de construción e metal son, de momento, os máis afectados A crise comeza a notarse en todas as comarcas

A crise económica mundial comeza a entrar paseniñamente en Galiza. Así o constatamos tras facer un rápido percorrido polas diferentes comarcas do país. O sector da construción semella ser o máis afectado. Arrastrados pola situación que padece comezan a resentirse todas aquelas empresas que directa ou indirectamente dependen del, pero tamén sectores como o de servizos ou de automoción.

A Coruña

Na comarca da Coruña os sectores do téxtil e da construción son, segundo explica o secretario comarcal Paulo Carril, os máis castigados. Desde o mes de xullo varios talleres que desenvolvían a súa actividade para Inditex e Caramelo pecharon ou reduciron cadro de persoal. Entre outros, salienta Confecciones Ferbal, Confecciones Sera, Confecciones Orde, K'misas e Kina Fernández.

No sector da construción, alén do caso de Martinsa-Fadesa, está o de Orivan, recentemente pechada e Portas Rama, neste intre cun expediente de regulación temporal de emprego, aínda que todo parece indicar que camiña cara ao peche.

No sector do Metal producíronse despedimentos, peches ou reducións de cadros de persoal en empresas como Corelsa, S.C.N

e Talleres Carral. Noutras, a crise materialízase, polo momento, en impagos e nun bastante previsíbel aumento da presentación de expedientes de regulación de emprego. Tamén na federación de Químicas empresas como IMYG xa reduciron o cadro de persoal, neste caso até quedar con tan só 5 traballadores que, ademais, levan 3 meses sen cobrar. No sector de Servizos resulta difícil de cuantificar a repercusión que está a ter a crise xa que, polo momento, o que se constata é un goteo constante de despedimentos. A propia administración local coruñesa anunciou unha redución, nun 40%, da oferta de emprego público.

A Mariña

Na Mariña luguesa, o secretario comarcal, Xorxe Caldeiro, salienta os casos de pequenas empresas da construción ou asociadas –desde serradoiros como Costiña até empresas de mobles– que están a reducir cadro de persoal recorrendo á non renovación do persoal con contratos temporais fundamentalmente. Nesta comarca o sector do téxtil tamén está a padecer as consecuencias da crise, como é o caso da empresa ANRO, que presentou un ERE que afecta a 40 traballadoras.

Ademais, a CIG da Mariña xa alertara durante o verán da grave situación que padece o sector Servizos, onde malia as dificultades por cuantificar o número de afectados si se ten constatado un incremento constante dos despedimentos, mesmo en época estival. Trátase, nos máis dos casos, de peque-

nos negocios familiares, como restaurantes ou bares, que fixeron as contratacións para a tempada alta partindo das previsións de anos anteriores e que se viron obrigados a despedir o persoal ao non contar co volume de traballo previsto.

Ferrol

Na comarca de Ferrol, Xesús Anxo López Pintos, secretario comarcal, sinala que as empresas do sector do Aluminio, que traballan para o sector da construción, son as primeiras que comezan a notar a crise. De feito algunhas delas, como Vialca, que mesmo tiña feito un importante investimento en material dadas as previsións de carga de traballo, tivo que presentar un ERE ao reducirse bruscamente a demanda.

No sector Servizos comeza a notarse a crise nalgúns hoteis como o Río do Pozo, que vén de acollerse á lei concursal e moitos pequenos comercios comezan a despedir o persoal ou colgar o cartel de “liquidación por peche” ao reducírense as vendas. Este incremento de despedimentos apréciase, fundamentalmente, pola maior entrada de casos na asesoría xurídica.

Fronte a isto, o sector do Metal, canto a Naval se refire, enfróntase a esta primeira etapa da crise en pleno ciclo de bonanza.

Non é así para o sector da Construción onde o que se comezan a notar son problemas, non tanto de peches, como de impagos e un incremento dos despedimentos por fin de contrato. Marcos Sánchez, secretario comarcal da Construción en Ferrol, salienta os problemas que comezan a albiscarse nos pequenos talleres e carpinterías. Problemas que se traducen en non renovacións de contratos temporais e que están afectando, sobre todo, aos traballadores inmigrantes e aos portugueses.

Lugo

Na comarca de Lugo o secretario comarcal, Xosé Ferreiro, explica que as empresas máis afectadas son, con moito, as louseiras, que se atopan nunha situación crítica. Así é o caso de Ferlosa, que acaba de presentar un ERE deixando no paro a 90 traballadores ou os casos de Pebosa e Cupiga que empregan a 150 traballadores e levan desde o 12 de setembro sen actividade e sen pagarlles as mensualidades de xuño, xullo, agosto e a paga extraordinaria do verán.

Outras empresas como Finsa están a desfacerse de todos os seus traballadores temporais pola vía da non renovación.



Ourense

Etelvino Blanco, secretario comarcal de Ourense, lembra que esta provincia padece un problema de crise económica case endémico e unha preocupante falta de tecido empresarial que favoreza a creación de emprego e riqueza.

Partindo desa reflexión inicial, salienta un lixeiro incremento das empresas que teñen presentado ERE nos últimos meses e os peches de pequenos talleres do téxtil por mor do desvío da produción a países como a India ou China.

Malia todo, o sector da construción vai aguantando o tirón da crise grazas á obra pública, que segue mantendo na provincia o nivel de actividade. Blanco advirte do perigo dun importante incremento do desemprego cando rematen as obras, tanto da autovía a Santiago, como do AVE.

Outra volta volven ser as empresas da lousa, como é o caso de IPISA, as que arrastran unha difícil situación, con atrasos nos pagamentos das nóminas por mor da situación na que se atopa, que podería ter empeorado coa crise pero que xa vén arrastrando de anos atrás.

Compostela

A situación da comarca de Compostela é unha das mellores do país e onde menos efecto fixo, polo momento, a crise. O sector da construción é, como no resto de Galiza, o que máis se resente, tal e como explica Eduardo Sebio, chegando a salpicar a unha grande construtora como Mahía, onde xa se produciu un importante número de despedimentos ou o Grupo Carreira que botou o peche. Xunto a estas hai outras empresas do sector de menores dimensións que dependían de subcontratadas e que agora ven como se reduce a carga de traballo e outras que resisten grazas a que dependen de traballos por encargo e non de promotoras.

Porén, para a secretario comarcal, Anxo Noceda, o máis preocupante é como afectará ás empresas que traballan para a construción esta crise. “Nesas empresas de electricidade, fontanería, aluminio... moito nos tememos que a crise comezará a afectar en poucos meses, como xa comeza a ocorrer noutras comarcas”, afirma.

No sector servizos o que si se constatou foi, en hostalería, un descenso dun 40% da ocupación respecto do ano pasado provocado, sobre todo, pola caída do turismo, o que derivou, non tanto en despedimentos, como nuns menores índices de contratación. Paulo Rubido, secretario nacional, observa con preocupación o que pode ocorrer nos

próximos meses advertindo que, polo momento, as consecuencias da crise son pouco apreciábeis agás polas previsións de regulación de emprego nalgúns hoteis por mor desa caída da ocupación. Salienta, iso si, un intento de reducir gastos en persoal de Seguridade Privada e de Limpeza, tanto na empresa privada como na administración pública, máis movidas polo medo ao que pode vir que pola situación real.

Do mesmo xeito, no sector da Sanidade, María Xosé Abuín denuncia que o SERGAS pretende xustificar en base á crise a conxelación de calquera mellora nas condicións laborais e económicas das traballadoras/es do sector. Neste intre, estase a negociar o novo acordo marco 2009-2012 de acordo cunha proposta da administración que non contempla sequera garantir que as condicións de xornada e as retribucións sexan as mesmas que as que disfrutaban, na actualidade, os diferentes servizos de saúde do resto do Estado español.

Pontevedra

Os sectores máis afectados nesta comarca son, novamente, construción, nomeadamente as empresas complementarias de carpintería, electricidade, aluminio ou calefacción, e servizos. Entre os casos máis salientábeis atópanse, segundo explica o secretario comarcal, Rafa Iglesias, Cedonosa, que está na vía concursal, presentou suspensión de pagamentos e un ERE que afecta ao 50% do persoal; Proinsa, que pechou e empresas que pertencían ao mesmo grupo como Ibaser ou Ynyeuropa, da zona de Lalín.

Xunto a estas están Obras y Edificios Seixo S.L., unha planta de aglomerados desta mesma zona; Galicia Electricidade Tide S.L. que despediu a 10 traballadores indefinidos; Marinoxfrí S.L. que botou o peche; Indeport, empresa de contrachapado e aglomerado, que presentou un ERE que afecta a 23 traballadores; Armarios Alonso, que despediu a 5 traballadores; Sogygas, S.L. concesionaria de Repsol que despediu a 6 traballadores; Treves S.L. que traballa para Citroën e que presentou xa no mes de xullo unha proposta de regulación temporal de emprego que non foi aceptada pola Consellería de Traballo e que vén de presentar unha nova proposta de eliminar a quenda 2, de noite, e distribuír o traballo entre as outras dúas.

A situación de Treves vai depender da evolución do sector de automoción, ao igual que ocorre con moitos concesionarios, que xa están a padecer reducións das vendas

de até un 40%. As consecuencias desta drástica caída verase, sobre todo, a partir de comezos do próximo ano.

Vigo

En Vigo, Xerardo Abraldes, secretario comarcal, chama especialmente a atención sobre o sector da Construción onde xa pecharon dúas empresas, Nezgo, directamente pola crise, e Marvar, onde se entrecruzan a crise do sector e unha mala xestión empresarial. Porén, o máis salientábel neste sector é o goteo constante de despedimentos e das consultas nas asesorías xurídicas pola posta en práctica dos empresarios da táctica de non pagar os salarios pero tampouco despedir os traballadores. Unha fórmula para obrigalos a que sexan eles os que, cando xa non resisten máis esta situación, acaben por deixar o posto de traballo aforrando así as indemnizacións.

Abraldes advirte da grande preocupación que na comarca hai pola situación na que se comeza a atopar o sector de automoción. Porén, aínda que destaca a redución do persoal de Citroën que traballaba na liña de produción do C4 Gran Picasso, un vehículo de gama alta, e a redución dos contratos temporais, salienta tamén o mantemento, cando menos polo de agora, de todo o persoal fixo.

Non son tan afortunados nas empresas auxiliares de Citroën, como Faurecia Asentos, onde xa se solicitou unha regulación de emprego do 20% do cadro do persoal, que afecta a 95 traballadores. Neste mesmo sector tamén se están a ver afectadas outras empresas, como SISCAFRIG, especializada en instalacións de frío, na que os traballadores levan 2 meses sen cobrar e LUIWANS, en folga porque nin cobran nin son despedidos.

Tamén no Porriño pechou GALSAC, unha empresa de produción de sacos para a recollida de cascallos da construción, deixando as máis de 20 traballadoras no paro con só 20 días por ano traballado ao alegar a empresa falta de demanda no sector. Este caso non é único. Abraldes denuncia como moitas empresas, en todos os sectores, están a aproveitar a crise como xustificación para se desfacer de persoal argüíndo despedimentos obxectivos, por falta de carga de traballo, que logo se demostra que son improcedentes.

Cómpre lembrar tamén o caso de deslocalización de Draka Cables, que deixou os traballadores na rúa levando a produción para o Norte de África.

Diante da gravidade da situación, a CIG asume a necesidade de loitar por un modelo socioeconómico novo. Hai que redefinir o modelo de acumulación e quen ten que ser o beneficiario deste. Son cada vez máis os movementos sociais e forzas políticas que en diversas partes do mundo propugnan a necesidade de cambios estruturais profundos que senten as bases do novo socialismo do século XXI. Desde a CIG identificámonos programaticamente con esta tendencia, na busca dun modelo social e económico xusto

e solidario, que sirva realmente aos intereses da clase traballadora galega en contra-posición ao actual modelo económico de capitalismo neoliberal.

En calquera caso, e mentres as circunstancias históricas non nos permiten á clase traballadora facer eses cambios estruturais profundos, temos que traballar e demandar dos gobernos medidas políticas, en materia económica, social e laboral, que impidan que o neoliberalismo supere a súa crise a custo unha vez máis da clase traballadora.

Hoxe, o capital financeiro xa está a trasladar esta crise ao pobo pola vía de xerar dúas novas burbullas, a dos prezos do petróleo e a das materias primas, especialmente os cereais, co conseguente incremento de forma totalmente desproporcionada do prezo do combustíbel e dos alimentos e de todo o derivado destes.

Por un novo modelo económico e social, a crise que a pague o capital

Moblizacóns en toda Galiza o 13 de Novembro para que a crise a pague o capital.

Coa CIG en defensa de Galiza e da clase traballadora



Manifestacións en todas as comarcas

A Mariña:

Saída ás 19:30 da Praza Maior de Viveiro

A Coruña:

Saída ás 20:00 horas da Praza da Palloza.

Ferrol:

Saída ás 19:30 da Avenida de Esteira, diante do sindicato.

Lugo:

Saída ás 20:00 horas da Ronda da Muralla, diante do sindicato.

Ourense:

Saída, ás 20:00 horas do Pavillón.

Pontevedra:

Saída ás 20:30 horas da praza da Ferrería.

Santiago:

Saída ás 20:00 horas da Praza Roxa.

Vigo:

Saída ás 20:00 horas da Vía Norte.